



En memoria de Hans Küng (1928-2021)



Pedro Castelao

Os libros de teoloxía actuais que só repíten contidos recibidos da tradición, a modo de manual, non son, en rigor, libros de verdadeira teoloxía, senón compendios da teoloxía anterior que, no mellor dos casos, deberían axudar, como base, a crear a teoloxía futura da que precisamos hoxe.

Hans Küng non foi nunca un manualista, senón un teólogo creativo que contribuíu grandemente, coas súas numerosísimas publicacións, á renovación posconciliar da teoloxía. Tivo un fino olfacto para detectar os problemas máis candentes en cada momento e gozou dunha extraordinaria e fecunda capacidade de traballo para desenvolves. Axuntou calidade académica e facilidade expositiva demostrando, xa desde a súa tese de doutoramento sobre a xustificación, un talante investigador ecuménico, un fuste intelectual sólido e, tamén hai que dicilo, un afán de notoriedade nada pequeno.

A máxima que Plotino estampou no tratado 6.^o da *Enéada* I –«labra a túa propia figura»– parece ter sido, precisamente, a directriz da súa vida: facerse a si mesmo segundo o modelo dun cura católico políglota, progresista, intelixente, culto, brillante e mesmo atractivo. Como Schelling foi un neno prodixio da filosofía, así foi Hans Küng un superdotado da teoloxía. Un *enfant terrible*, amante dos xornalistas, que coas súas publicacións e entrevistas rebeldes e transgresoras encantou o público en xeral, ao tempo que tamén se encantaba a si mesmo. A ambigüidade de ser consciente dos propios talentos.